

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*“De Loureiro
a Rebordelo
todo é
camiño chan,
todas son
rosas e flores
postas pol-a
miña man”**



É O
DÍA

D

ANTÓN
FRAGUAS

ELIXE
GALICIA



LETRAS GALEGAS 2019

01

INTRODUCCIÓN

Desde 1963, a Real Academia Galega (RAG) celebra cada 17 de maio o Día das Letras Galegas e dedícalle esta data, aniversario da publicación dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, a un autor ou autora sobranceira na defensa e promoción da cultura e da lingua de noso.

O vindeiro 17 de maio de 2019, será **Antonio Fraguas Fraguas** o persoeiro a quen as galegas e galegos lle renderemos homenaxe, adherirémonos á decisión do plenario da RAG.

Antonio Fraguas (Loureiro, Cerdedo-Cotobade, 1905 – Santiago de Compostela, 1999) foi membro do Seminario de Estudos Galegos e das Irmandades da Fala, así como director do Museo do Pobo Galego e Cronista Xeral de Galicia. Estudoso da nosa realidade cultural desde diferentes ámbitos, destacou sobre todo no eido da antropoloxía, onde os seus traballos contribuíron decisivamente ao coñecemento da cultura popular e ao afondamento na nosa identidade. A RAG destaca entre as razóns para dedicarlle a don Antonio o 17 de maio a súa continuada defensa da lingua propia de Galicia como idioma de expresión válido para abordar calquera área do coñecemento e a coherencia do seu percorrido vital, guiado pola lealdade ao seu pobo.

A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Cultura e Turismo e de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Secretaría Xeral da Emigración, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e mais da Escola Galega de Administración Pública; en colaboración coa Fundación Antonio Fraguas Fraguas, coa Real Academia Galega, co Consello da Cultura Galega, coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, co Museo do Pobo Galego; cos concellos de Cerdedo-Cotobade e de Santiago de Compostela; coas editoriais Galaxia e Xerais e coas empresas Renfe Viajeros, Xurdir S.L., Vegalsa-Eroski e Feiraco quere poñer en valor o legado de Antonio Fraguas mediante unha programación conxunta de iniciativas destinadas a dar a coñecer a súa vida, obra e pensamento ao longo e ancho de Galicia e a continuar promovendo na sociedade os valores defendidos polo homenaxeado.



PROXECTOS EXPOSITIVOS

‘ANTONIO FRAGUAS, MEMORIA DUN SOÑO’

VIAXE A UNHA GALICIA ORGULLOSA DE SI MESMA

Exposición itinerante promovida pola Xunta de Galicia que percorrerá doce concellos galegos para dar a coñecer entre a cidadanía a vida, a obra e a figura de Antonio Fraguas Fraguas.

Con paradas, de abril a decembro, en Amoeiro, Arteixo, A Coruña, Celanova, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

56 ANOS DAS LETRAS GALEGAS: DE ROSALÍA DE CASTRO A ANTONIO FRAGUAS

Unha homenaxe cada día a un das autoras e autores galegos a quen se lles dedicou o Día das Letras Galegas mediante un cartel cun extracto significativo das súas obras.



Do 1 de marzo ao 16 de maio



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

ANTONIO FRAGUAS, HISTORIADOR, ETNÓGRAFO, ANTROPÓLOGO E XEÓGRAFO GALEGUISTA

Mostra bibliográfica de publicacións relacionadas co seu traballo en distintas institucións: Irmandades da Fala, Seminario de Estudos Galegos, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega etc.



Do 2 de maio ao 31 de maio



Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

ANTONIO FRAGUAS E OUTROS HOMENAXEADOS E HOMENAXEADAS POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Mostra bibliográfica que ofrece unha escolma de obras escritas por autoras e autores homenaxeados polo Día das Letras Galegas.



Do 2 de maio ao 3 de xuño



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS

Selección de obras infantís que posúe a biblioteca das autoras e autores distinguidos co Día das Letras Galegas



Do 6 ao 31 de maio



Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

AS NOSAS ESCRITORAS

Exposición de obras de autoras galegas de narrativa, poesía e teatro.



Do 6 ao 20 de maio



Biblioteca Pública de Ourense

ANTONIO FRAGUAS

Mostra bibliográfica que inclúe unha selección de libros, xornais e documentos sobre Antonio Fraguas, acompañada dunha guía de lectura.



Do 6 ao 31 de maio



Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

ANTONIO FRAGUAS (1905-1999): MEMORIA DE GALICIA

Exposición biobibliográfica que aborda a vida e a obra de Fraguas.



Do 6 ao 31 de maio



Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

ROSEIRAS E PAXARIÑOS NAS CANTIGAS DUN SERÁN

Mostra bibliográfica para nenas e nenos maiores de 3 anos que recolle lendas, cantigas e costumes de Galicia presentes nos libros infantís.



Do 6 ao 31 de maio



Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

ANTONIO FRAGUAS NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Exposición homenaxe ao persoeiro do Día das Letras Galegas 2019.



Mes de maio



Biblioteca Pública de Lugo

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Exposición bibliográfica de diferentes fondos da Biblioteca de Galicia sobre Fraguas. Inclúirá escritos ou publicacións súas, biografías ou traballos sobre a súa figura, carteis, publicacións en prensa e revistas dedicadas á súa figura, así como calquera outro material co que conte a Biblioteca de Galicia.



Do 16 de maio ao 30 de setembro



Biblioteca de Galicia (Santiago de Compostela)

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

- ▶ **Antonio Fraguas Fraguas. A vida e a obra.** Exposición biobibliográfica de produción propia sobre Antonio Fraguas. Do 16 de maio ao 28 de decembro.
- ▶ **Proxecto didáctico Antonio Fraguas.** Mostra dos traballos realizados polo alumnado dos centros gañadores no marco da convocatoria para o curso 2018/19. Organiza: Fundación Antonio Fraguas Fraguas, co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Produción dos centros premiados co apoio do Museo do Pobo Galego. Do 21 de setembro ao 5 de novembro.

PEZA DESTACADA: ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Entre amigos. Exposición de fotografías de temática antropolóxica ou etnográfica realizadas polas socias e socios do Museo do Pobo Galego. Organiza: Oficina de Socias e Socios. Do 4 de maio ao o 30 de xuño.

 **Museo do Pobo Galego**

OS NOVE ANOS DE FRAGUAS EN LUGO

Tributo a Antonio Fraguas dos seus exalumnos no Instituto Masculino de Lugo, por medio dun proxecto expositivo itinerante, libro conmemorativo, ciclo de conferencias e web, da man de Galicia Digital e Colectivo Cultural Egeria, coa colaboración da Consellería de Cultura e Turismo.

 **De abril a xuño de 2019.**

MOSTRA DE ARTE DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A Escola Galega de Administración Pública promove unha exposición de arte (pintura, escultura, gravado, colaxe, debuxo etc.) cuxas pezas foron elaboradas polo persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia

 **Ao longo de 2019**

 **Escola Galega de Administración Pública**



INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

VI CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

A Consellería de Cultura e Turismo, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais, colabora un ano máis con esta iniciativa que vincula a celebración das Letras Galegas co simbolismo do Camiño de Santiago e co deporte.



17 de maio



Con saída do Pico Sacro e chegada á Cidade da Cultura

INICIATIVAS EMPRESARIAIS

FEIRACO LÁCTEOS

Política Lingüística e Feiraco volven ir da man para festexar as Letras Galegas co VIII Certame de Relatos Breves e, como novidade, cunha edición especial de caixas de leite de deseño exclusivo, coa que se poderá participar nun novo concurso web e optar a premios que incluírán lotes de produtos lácteos e de lecer en galego.



Do 1 ao 19 de maio no web institucional e redes sociais de Feiraco Lácteos

VEGALSA-EROSKI

Política Lingüística e a cadea galega de distribución alimentaria reeditan un ano máis a campaña Letras Galegas Vegalsa-Eroski para promover a celebración do 17 de maio nos establecementos comerciais, a través de carteis e bolsas da compra conmemorativas.

RENFE VIAJEROS

Política Lingüística e a rede de transportes porán en marcha por terceiro ano a campaña Letras Galegas Renfe Viajeros para facer extensiva a festa das Letras Galegas, homenaxear a Antonio Fraguas e visibilizar o idioma a través de repousacabezas e xogos de carteis conmemorativos do 17 de maio, que se exhibirán tanto nas estacións coma nos trens do corredor atlántico (liña de Vigo á Coruña).

CERTAMES

PREMIOS DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Concurso dirixido á rapazada galega de entre 9 e 14 anos, convocado co obxecto de que as nenas e os nenos galegos teñan a oportunidade de amosar as súas calidades literarias en lingua galega e de exercitar a súa imaxinación para concibir historias.



Do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro



Escola Galega de Administración Pública

IX CONCURSO DE CARTEIS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Os traballos depositaranse do 23 de abril ao 13 de maio de 2019 na caixa de correos habilitada no mostrador da Sala infantil da Biblioteca. O xoves 16 de maio realizarase a entrega de premios. Daranse 3 premios consistentes en lotes de libros e diploma e tres accésits que recibirán un diploma cada un. Os traballos premiados e finalistas estarán expostos na Sala infantil do 16 de maio ao 16 de xuño.



Do 23 de abril ao 16 de xuño



Escola Galega de Administración Pública

X CERTAME DE BANDA DESEÑADA “BD VIGO”

A biblioteca convoca este premio de traballos de tema libre e con textos en galego. A entrega farase coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas.



Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

CERTAME DE ARTESANÍA ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Exposición, na sala multiusos do Concello de Cerdedo-Cotobade, dos traballos gañadores do certame que leva o nome do homenaxeado.



Organizado polo Concello de Cerdedo-Cotobade

OBRADOIROS

ENTROIDO GALEGO

Trátase de formar grupos de voluntarios nas parroquias interesadas para facer unha comparsa inspirada nos entroidos galegos, aos que Fraguas lles dedicou os seus estudos. Celebrarase un obradoiro con monitores que dirixirán e asesorarán as persoas participantes.

Finalmente, celebrarase un desfile o día 10 de marzo, domingo de Piñata, no lugar da Chan-Carballo.



Do 9 de febreiro ao 10 de marzo



Concello de Cerdedo-Cotobade

LENDAS MÁXICAS

Obradoiro participativo impartido pola Asociación Cucarandainas, onde se darán as pautas para crear e imaxinar o mundo das lendas recollidas na obra de Antonio Fraguas e dar a coñecer a vida e a obra deste destacado antropólogo e historiador.



11 de maio



Na sala de actividades da Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

OBRADOIRO DE CONTOS E LENDAS DE MISTERIO

Neste obradoiro, os nenos e nenas participantes terán a oportunidade de achegarse á riqueza literaria da nosa tradición oral a través dunha selección de contos e lendas de misterio. O obradoiro rematará coa resolución dun enigma na que tomarán parte todos os participantes.



16 de maio



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

EN CARRO POLO GAIÁS. XOGANDO COA TRADICIÓN

Unidade lúdica impartida polo Quinteiro de Temperán e na que, co pretexto de construír e desmontar un carro tradicional, se revisa a figura de Antonio Fraguas, a súa vida e a súa obra. Durante o desenvolvemento da actividade, ademais dos conceptos propios do lecer e da cultura tradicional, traballaranse contidos de lingua, literatura, oralidade, folclore ou arte.



25 de maio



Sala I da Biblioteca de Galicia e espazo exterior

CONTACONTOS

CONTOS NAS ORELLAS NAS LETRAS GALEGAS

Contacontos inspirado na figura de Antonio Fraguas e impartido por Bea Campos.



3 de maio



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

A DETECTIVE PEREGRINA E O INSÓLITO “CASO ANTONIO FRAGUAS”

Sesión de contacontos e obradoiro de debuxo para achegármonos á figura de Antonio Fraguas, impartido por Polo Correo do vento



10 de maio



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

LENDAS DA NOITE

Co caer do día, no luscofusco, as historias caen do maxín. Historias perdidas no recordo do tempo, de seres que moran nos bosques e estraños acontecementos envoltos nas brumas do pasado.



11 de maio



Biblioteca Pública Ánxel Casal

AS LETRAS DOS PEQUENOS

Actividade de animación da man de Susana Villar para achegarse ao persoeiro das Letras Galegas deste ano.



14 de maio



Biblioteca Pública de Ourense

MITOS E LENDAS DE GALICIA

Lisístrata contará a nosa historia máis máxica, lendas, contos tradicionais e populares que lles permitan entender e coñecer moitas cousas ás nenas e aos nenos. Os porqués, os encantos, historias de trasnos feiticeiros, mitoloxía galega etc.



18 de maio



Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

AS CANTIGAS DA MIÑA AVOA (HOMENAXE Á OBRA DE ANTONIO FRAGUAS)

Con base na obra de Antonio Fraguas, o cantor, compositor e músico, Servando Barreiro, fai unha escolla de cantigas tradicionais para cada época do ano — Nadal, Entroido, maíos, verán, magosto etc. — e para os diferentes labores — fiadas, muiñadas, segadas, cantos de arrieiro etc. —, co obxectivo de que as novas xeracións coñezan o noso patrimonio cultural inmaterial.



18 de maio



Na Ludoteca da Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

AS LEMBRANZAS DOS AVÓS, NA MEMORIA DE ANTONIO FRAGUAS

Actividade impartida por Xeitura que busca recuperar a memoria tradicional con contos e cantigas a través dos ollos dunha muller galega.



18 de maio



Biblioteca Pública de Ourense

AS LENDAS DE GALICIA

Peza en clave de contacontos a cargo de Juste Kamishibai en homenaxe a Fraguas, onde se narra a través do teatro de papel e do Kamishibai tradicional xaponés un guión baseado en varias lendas e mitos tradicionais galegos.



18 de maio



Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

CONTOS E CONTIÑOS PARA FACER O CAMIÑO

Contacontos inspirado na figura de Antonio Fraguas e impartido por Manuel Solla



24 de maio



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

MEIGAS E MOURAS, BIOSBARDOS E TRASNOS

Como actividade de homenaxe a Antonio Fraguas, intelectual e gran estudoso do noso folclore, a ilustradora e contadora Marisa Irimia ofrecerá un espectáculo lúdico, pedagóxico e instrumentos de aprendizaxe para os máis pequenos. Historia oral, contos, lendas, cantos e proverbios orientados a conmemorar a figura de Fraguas.



24 de maio



Sala multiusos da Biblioteca Pública de Lugo

BUSCANDO A ANTONIO FRAGUAS

Contacontos baseado na vida do autor e impartido por Raquel Queizás.



31 de maio



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

A DETECTIVE PEREGRINA E O INSÓLITO “CASO ANTONIO FRAGUAS”

Sesión de contacontos e obradoiro de debuxo para achegármonos á figura de Antonio Fraguas, impartido por Polo Correo do vento



Meses de maio e xuño



Organizado polo Concello de Cerdedo-Cotobade, coa colaboración da Deputación de Pontevedra

OUTRAS INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL E LECER

AS RAPOSADAS CON DON ANTONIO

Unha visita narrada a cargo da contacontos Raquel Queizás para o traballo no Museo do Pobo Galego, con nenos e nenas de 3 e 4 anos e no que o fío condutor vai ser a figura de don Antonio. Doce sesións que se desenvolverán entre xaneiro e abril.



Entre xaneiro e abril



Organizado polo Concello de Cerdedo-Cotobade coa colaboración da Deputación de Pontevedra

PASAPORTE DE LECTURA

Actividade dirixida ao público xuvenil e adulto da Biblioteca que consiste en ler catro libros en lingua galega das seccións de novela, poesía, teatro, xuvenil ou banda deseñada. Por cada libro que se lea, o persoal da Biblioteca porá un selo no pasaporte. Entre os participantes na actividade sortearanse 3 lotes de libros.



Do 15 de febreiro ao 15 de maio



Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

CANTA MIÑA PEDRA, CANTA

O programa de dinamización lingüística FalaRedes presenta unha proposta destinada ao tempo de lecer do público familiar, con cativada dos 6 aos 12 anos, que afondará sobre a figura de Antonio Fraguas e o seu labor de recollida, posta en valor e difusión do patrimonio inmaterial, sobre todo no ámbito da música popular, da oralidade, das cantigas e das súas achegas ao Cancioneiro de Cotobade. Poderase gozar en concellos da Rede de Dinamización Lingüística a través de 14 espectáculos de música e narración, da man dos artistas Xoán Curiel e Charo Pita, nos que o público asistente se poderá facer ademais cunha reedición da antoloxía *O fillo do rei e outros contos*, de Quique Harguindey e Maruxa Barrio.



De marzo a abril

ROTEIROS ANTONIO FRAGUAS

Deseño e práctica das rutas feitas no seu momento por Fraguas. Entre as súas múltiples actividades estaba a de desprazarse a castros próximos á vila da Estrada para escavar co seu alumnado e para lles amosar achados da época castrexa. Destas actividades consérvase abondoso material gráfico.

Trátase de facer as mesmas rutas a pé que Fraguas realizou co alumnado do instituto durante aqueles anos, de visitar os castros e de divulgar a información por el recollida sobre a importancia dos achados da época.



Mes de abril



Centro urbano da Estrada

ROTEIRO DO FOXO DO LOBO

Roteiro explicativo polo foxo do lobo de Carballado, aldea de Arufe, até a Casa natal de Antonio Fraguas. Este roteiro está orientado ao alumnado dos CEIP locais.



Mes de abril



Concello de Cerdedo-Cotobade

TESTEMUÑAS DUNHA VIDA

Roteiro polo Museo Pedagóxico de Galicia, no que se destacará o labor docente de Antonio Fraguas. Para facer o roteiro empregáranse as referencias a algúns dos centros educativos polos que, ben como alumno ben como docente, pasou don Antonio ao longo da súa vida.



Do 1 ao 31 de maio



Museo Pedagóxico de Galicia

AGASALLO DE LIBROS ÁS PERSOAS USUARIAS OU VISITANTES

Tradicionalmente, con motivo do Día das Letras Galegas (o día anterior por ser este festivo), ofréceselles aos usuarios e usuarias da Biblioteca de Galicia ou aos visitantes a posibilidade de escolleren entre unha serie de libros en galego que se amosan á entrada da biblioteca. Cada visitante pode escoller un de entre os ofertados.



16 de maio



Biblioteca de Galicia

XORNADA DE PORTAS ABERTAS NO SALÓN TEATRO

Co gallo da celebración do Día das Letras, o Centro Dramático Galego ofrece unha xornada de portas abertas consistente na visita guiada ao Salón Teatro. Sortearase un lote de libros de teatro editados pola Agadic e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.



17 de maio



Salón Teatro de Santiago de Compostela

FUNCIÓN DE “CONTOS DO RECREO” DE TEATRO FAMILIAR

O centro Dramático Galego programa a comedia musical, *Contos do recreo* da compañía Redrum Teatro.



17 de maio



Salón Teatro de Santiago de Compostela

VISITA GUIADA AO SALÓN TEATRO E LECTURA PARTICIPATIVA DA OBRA DE ANTONIO FRAGUAS

Ao longo do día 17 de maio, a Cidade da Cultura organizará unhas visitas moi especiais nas que destacaremos a súa figura e as pezas prestadas que as persoas asistentes poderán ver na mostra. E seguindo co éxito acadado pola actividade iniciada o ano pasado, as persoas que se acheguen ao Museo Centro Gaiás poderán realizar unha lectura participativa na que contaremos cunha escolma de textos destacados da súa obra, co fin de achegar o seu pensamento e traballo a todas as persoas interesadas.



17 de maio



No Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia

VIAXE CULTURAL DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Viaxe guiada de interese cultural polos escenarios onde transcorreu a vida do autor homenaxeado. Neste caso, o público destinatario é o persoal empregado público ao servizo de calquera das administracións de Galicia.



17 de maio



Organizado pola Escola Galega de Administración Pública

PASARELA DO TRAXE GALEGO

Farase un desfile de 25 traxes galegos inspirados no libro de Antonio Fraguas, xunto cunha explicación destes por parte de Sete espadelas. Actividade impulsada polo Concello de Cerdedo-Cotobade, coa colaboración da Deputación de Pontevedra.



2 de xuño



Mercado de Cuspedriños



PROPOSTAS PARA O ÁMBITO EDUCATIVO

CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2019

A Secretaría Xeral de Política Lingüística organiza este concurso dirixido a centros educativos de toda Galicia aos que convida a elaborar unha exposición arredor da figura de Antonio Fraguas. As mostras gañadoras distribúense en preto de 2000 puntos de Galicia e do exterior e tamén poderán descargarse do Portal da Lingua Galega.



www.lingua.gal/dia-letras-galegas

PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas, co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, vai expoñer no Museo do Pobo Galego dúas mostras resultantes dos traballos gañadores do XI Proxecto didáctico Antonio Fraguas Fraguas: Iconografía sacra e profana no Concello de Silleda, do CPR María Inmaculada da mesma localidade, e Pintando o

patrimonio definimos a nosa identidade, do CEIP Ana María Díez de Rianxo. O Proxecto didáctico Antonio Fraguas é unha convocatoria encamiñada á realización dun programa de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia.



De 21 de setembro a 5 de novembro



Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela)

CERTAME DE PODCAST E RELATO RADIOFÓNICO XOSÉ MOSQUERA PÉREZ

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e o IES Rosalía de Castro, en colaboración con Arraianos Multimedia, convocan este certame dirixido a escolares de 6.º de educación primaria e de secundaria, que poderán concorrer a el cun conto e cun *podcast* que se refiran á figura ou á obra de Antonio Fraguas.

VIII FESTIVAL ARTE POLA IGUALDADE

A Secretaría Xeral de Política Lingüística apoia cada curso o Festival Arte pola Igualdade, que impulsan o CEE Nosa Señora do Rosario, o CEIP Eusebio da Guarda e o CMUS Profesional da Coruña. No festival, ademais de lembrar a figura de Antonio Fraguas Fraguas, tamén se representará teatro e serán interpretadas distintas pezas do folclore galego.



9 de maio



Teatro Colón (A Coruña)

ROTEIRO ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Escolas Católicas, co apoio de Política Lingüística, elaborou un roteiro polos lugares da cidade de Santiago de Compostela que son significativos para achegar o alumnado á celebración das Letras Galegas e de Antonio Fraguas. Pode verse o percorrido e a correspondente unidade didáctica en:



www.lingua.gal/dia-letras-galegas

OS INSTITUTOS COMPOSTELÁNS DE ANTONIO FRAGUAS

Dous institutos da capital de Galicia teñen unha relación especialmente estreita con Antonio Fraguas e, por este motivo, celebran especialmente as Letras de 2019.

IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro, en colaboración coa Real Academia Galega, o Padroado do Museo do Pobo Galego e o Consello da Cultura Galega, organiza unha homenaxe a quen foi profesor do centro entre 1959 e 1975 e, desde a cátedra de Xeografía de Historia, estendeu o seu maxisterio sobre varias xeracións de alumnos e alumnas. No marco desta homenaxe terá lugar unha exposición, así como a representación dunha parte do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Antonio Fraguas, “Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade”, a cargo do grupo de teatro e do coro do instituto. Tamén se celebrará a conferencia da profesora do centro e antiga alumna do homenaxeado “Entrañable lembranza de Don Antonio Fraguas”.



13 de maio



Instituto Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)

IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

O IES Antonio Fraguas Fraguas, que leva o nome do homenaxeado desde 1994, programa a Semana Cultural Antonio Fraguas, coa colaboración da Xunta de Galicia, os concellos de Cerdedo-Cotobade e Santiago de Compostela e o Museo do Pobo Galego. O completísimo programa de actividades desta semana cultural abrirase cunha conferencia do presidente

da Real Academia Galega e coa plantación dunha árbore conmemorativa e continuará con visitas guiadas ao Museo do Pobo Galego, ao Panteón de Galegos Ilustres e aos petróglifos de Campolameiro, unha ofrenda floral a Antonio Fraguas no cemiterio de Boisaca, un concurso de regueifas, un desfile do traxe galego, a mesa redonda “A vida de Antonio Fraguas”, unha exposición bibliográfica e outra de postais conmemorativas, actuacións musicais, obradoiros, lecturas temáticas, entrevistas radiofónicas, e ata unha cápsula do tempo e unha xornada gastronómica.



Do 8 a 12 de abril



IES Antonio Fraguas Fraguas (Santiago de Compostela)

ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Tamén os equipos de dinamización da lingua galega dos restantes centros educativos de Galicia desenvolven múltiples actividades que lle renden homenaxe a Antonio Fraguas e que achegan a súa figura á comunidade educativa. Certames literarios (de teatro, microrrelatos, micropoemas...), cancións, calendarios, festas da lingua, e ata un concurso internacional de marcapáxinas Letras Galegas 2019 a través do proxecto eTwinning ou un Telexornal das Letras Galegas con novas, entrevistas e reportaxes arredor de Antonio Fraguas.

A miúdo, os colexios e institutos traballan con outras entidades para facer extensiva a toda a cidadanía a celebración das Letras Galegas. É o caso da colaboración entre os centros educativos do Barco de Valdeorras, o Concello e o Centro Comercial Aberto para facer nos parques e comercios da vila unha exposición e unha xincana sobre o traxe tradicional galego.



www.lingua.gal/dia-letras-galegas



O EXTERIOR FESTEXA AS LETRAS GALEGAS

REDE DE CENTROS DE ESTUDOS GALEGOS

A Rede de Centros de Estudos Galegos dedica todo o ano a difundir as letras galegas en universidades de Europa, América e Asia. Con todo, arredor do 17 de maio a súa actividade intensifícase e prográmanse actividades abertas a todo o público interesado centradas tanto na figura homenaxeada cada ano como na literatura galega en xeral.

Así, acollerán relatorios arredor da vida e da obra de Antonio Fraguas seis universidades españolas (Complutense de Madrid, de Barcelona, de Deusto, do País Vasco, de Salamanca e de Alacante), dúas portuguesas (do Algarve e do Minho) e unha alemá (Kiel). O Centro de Estudos Galegos de Bangor (Gran Bretaña), o de Salvador de Baía (Brasil), os da Universidade de Barcelona e da Autónoma de Barcelona ou o da Universidade do Minho optan por exposicións biobibliográficas en diferentes formatos, dos máis clásicos aos interactivos e innovadores. Ademais, hai programados encontros literarios e recitais poéticos nos tres centros de estudos galegos de Italia (Padua, Perugia e Roma), en Lisboa e no Algarve, no Río de Xaneiro ou en Barcelona. Salamanca e Cork (Gran Bretaña) organizan en maio cadanseu congreso, en tanto Berlín programa o obradoiro “As letras galegas e Antonio Fraguas” e a Universidade de Lisboa emitirá un programa especial de radio. A nosa literatura celebrarase tamén a través da música, con concertos de música tradicional galega (Universidade de Deusto) ou cun espectáculo de música e palabra sobre os grandes autores das letras galegas, a cargo de María Bianchi e Xoán Curiel (Universidade de Perugia). O Centro de Estudos Galegos de Lisboa organiza o 17 de maio o Festival das Letras, cun concerto de pop-rock-funk galego aberto ao público da cidade que, durante o evento, terá nunha caseta información sobre lingua e cultura galegas á disposición do público asistente.

AS LETRAS NA COLECTIVIDADE DA EMIGRACIÓN

A colectividade galega na emigración ten pechado ata o momento un amplo conxunto de actividades que se celebrarán ao longo de todo o ano para conmemorar a figura de Fraguas. Entre esas actividades inclúense conferencias, feiras, concursos, exposicións, proxeccións audiovisuais, recitais e concertos. Confirmaron a súa programación ata o momento o C.C. e R. Alma Gallega de Montevideo (Uruguai), o Centro Galego de Ceuta, o Centro Galego de Fuenlabrada, o Centro Galego de Tenerife, o Centro Galego de Valencia, a Sociedade do Recreio dos Anciãos de Rio de Janeiro.

Os distintos programas de actividades dos centros contan coa colaboración da Secretaría Xeral de Emigración.



ANTONIO FRAGUAS A TRAVÉS DA MÚSICA E DO AUDIOVISUAL

CONCERTO DE AMANTES DA TERRA

Espectáculo de máis de 100 persoas a través do cal se amosa a historia da nosa cultura, organizado polo Concello de Cerdedo-Cotobade, coa colaboración da Deputación de Pontevedra.



Mes de abril



Praza da Chan-Carballo (Cerdedo-Cotobade)

CONCERTO DAS LETRAS 2019

O Consello da Cultura Galega programa un concerto da orquestra folk Sondeseu, no que se interpretarán, entre outras, unha peza musical conmemorativa composta sobre textos de Antonio Fraguas.



16 de maio



Santiago de Compostela

PROXECCIÓN DE DOCUMENTAIS SOBRE FOLCLORE E ETNOGRAFÍA DE GALICIA

Como homenaxe e lembranza á figura de Antonio Fraguas, reproducése no programa o texto “A paisaxe no cinema galego”, publicado por este en 1958.



16 de maio



Sala de proxeccións do CGAI (A Coruña)

CONCERTO DE MÚSICA DE RAÍZ

Espectáculo con entrada libre e de balde que ofrece música de raíz para afondar na nosa tradición oral. Organizado polo Concello de Cerdedo-Cotobade coa colaboración da Xunta de Galicia.



Mes de abril



Praza da Chan-Carballedo (Cerdedo-Cotobade)

REVISITANDO A ANTONIO FRAGUAS

A Consellería de Cultura e Turismo colabora coa A.C. Albatros neste documental para todos os públicos que lles dará voz a especialistas e amigos do autor homenaxeado polas Letras Galegas 2019, co obxectivo de dar a coñecer diversos aspectos da vida, obra e contexto histórico no que viviu entregado á cultura galega.



A partir de maio

A GALICIA INSÓLITA

O grupo Os de Algures, baseándose nas obras de Antonio Fraguas, *A Galicia Insólita*, *Romaría e Santuarios* e o *Cancioneiro de Cotobade*, presenta un espectáculo músico-teatral que dará a coñecer unha parte do patrimonio cultural de Cotobade.



Mes de outubro



Cerdedo-Cotobade

CANTIGUEIRO DE COTOBADE

Concerto da man de Sonsoles Penadique sobre a obra de Antonio Fraguas, *Cantigueiro de Cotobade*.



Datas por determinar



Nas parroquias de Loureiro e Tenorio



ANTONIO FRAGUAS NA REDE

PRIMAVERA DAS LETRAS

Espazo web destinado ao público de infantil e de primaria. A través da páxina web <http://academia.gal/primaveradasletras>, a Real Academia Galega pretende fornecer os centros de ensino de propostas didácticas arredor do Día das Letras Galegas. As actividades que poderán atopar os mestres e mestras e as familias procuran achegar os cativos e cativas de xeito sinxelo e ameno ao seu universo literario.

Dentro desta iniciativa, inclúese o concurso 'Contádenos o voso día das Letras', aberto para que todos os centros escolares de infantil e primaria amosen como celebran o 17 de maio.

No CEIP de Carballedo, sito no concello de Cerdedo-Cotobade, celébrase o 28 de febreiro a inauguración da Primavera das Letras por parte da cativada do CEIP de Carballedo e do CEIP de Tenorio.



<https://academia.gal/letras-actual>

ANTONIO FRAGUAS EN ACADEMIA.GAL

Contidos divulgativos arredor da vida e da obra de Antonio Fraguas.

A páxina web da Real Academia Galega ten activado desde comezos de 2019 un espazo biográfico dedicado a Antonio Fraguas: <https://academia.gal/letras-actual>.

A sección “Actualidade” da mesma web ofrecerá reportaxes, entrevistas e artigos arredor da vida e da obra da figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2019.



<https://academia.gal/letras-actual>

PORTAL DAS PALABRAS

O Portal das Palabras, a web da Real Academia Galega e a Fundación Barrié, para a modernización do traballo lexicográfico e de difusión da nosa lingua, dedicará contidos centrados no universo vital e literario de Antonio Fraguas



<https://portaldaspalabras.gal>

ANTONIO FRAGUAS EN CONSELLODACULTURA.GAL

O Consello da Cultura Galega, desde o seu web institucional, ofrecerá un espazo cunha recompilación do material sobre a figura e a obra de Antonio Fraguas e cun roteiro web que percorrerá os principais momentos vitais e literarios do autor homenaxeado polas terras de Cotobade.



<http://consellodacultura.gal/>



PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

XUNTA EXTRAORDINARIA E PÚBLICA DA RAG

A Xunta Extraordinaria e pública da RAG desenvolverase en Cerdedo-Cotobade o propio 17 de maio e contará coa intervencións de tres membros de número que pronunciarán unha breve alocución sobre a vida e a obra de Antonio Fraguas.

SIMPOSIO ANTONIO FRAGUAS

Organizadas pola Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego e o Consello da Cultura, desenvolveranse durante os días 26, 27 e 28 de novembro tres xornadas dedicadas a Antonio Fraguas nas que se afondará, a través das disertacións de diversos especialistas, na personalidade e na obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

O simposio está destinado principalmente ao profesorado de lingua e literatura galegas dos distintos ciclos e niveis e está aberto ao público en xeral.

V XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Xornada de formación para o profesorado de ensinanza secundaria que, como cada ano, organizan a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o CAFI. O obxectivo desta actividade é dotar os docentes de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

O simposio está destinado principalmente ao profesorado de lingua e literatura galegas dos distintos ciclos e niveis e está aberto ao público en xeral.

Ciclo de conferencias e mesas redondas sobre a vida e a obra de Antonio Fraguas

Antonio Fraguas foi profesor do Instituto da Estrada entre os anos 1931-1936, ademais de secretario do Partido Galeguista no Concello. Desde alí colaborou activamente na campaña do Estatuto do 36. Fraguas deixou unha fonda pegada como profesor e dinamizador cultural. O seu maxisterio e actividade política fixo del unha persoa de referencia no municipio.



Mes de maio



Casa das Palabras

Finalmente, a Escola Galega de Administración Pública ten previsto impartir unha conferencia en relación coa vida e a obra de Antonio Fraguas aberta ao público xeral



ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

PROGRAMA DE VISITAS CON PERSOAL DOCENTE VOLUNTARIO

A proposta para primaria será de Marga Alborés e para secundaria de Clodio Gonzáles e Encarna Otero. Marga Alborés propón un xogo de descubrimento ao redor da figura de don Antonio, cun percorrido que se realizará no mes de maio e que irá desde o Museo ata a placa sita e Bonaval. A visita dirixida por Clodio González usará as salas do Museo como lugares a partir dos que se contarán distintos aspectos da vida e do traballo desenvolvido por Fraguas. A proposta con Encarna Otero parte da sala de prensa e imprenta do Museo e remata na Biblioteca Fraguas.

MÁSCARAS TRADICIONAIS (28 DE FEBREIRO)

Esta sétima edición estará dedicada aos traballos de don Antonio ao redor desta celebración do ciclo anual: "O Entroido nas terras do Sul de Cotobade" e "Máscaras y sermones del carnaval en Cotobad".

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS (17 E 18 MAIO)

Programación propia e coordinada con outras entidades museísticas da cidade coas que consideramos facer referencia á figura de don Antonio. Estúdase a posibilidade de realizar algún espectáculo familiar baseado nos seus traballos, algunha visita dramatizada con don Antonio como leitmotiv, e estase a valorar a posibilidade de contar con algún coro ou formación que poida interpretar algunhas das coplas e cantigas recollidas no *Cantigueiro de Cotobade*.

10

PUBLICACIÓNS CONMEMORATIVAS

- ▶ Obra etnográfica de A. Fraguas sobre Cotobade e comarca. Preparada pola Fundación Fraguas e editada por Galaxia.
 - ▶ Edición de materiais inéditos procedentes do fondo Fraguas no Arquivo do MPG.
 - *Caderno Ramón Piñeiro XXXIX. Don Antonio Fraguas. Laboris causa. Trigo limpo candéal*, no marco da Colección Cadernos Ramón Piñeiro, e *Antonio Fraguas Fraguas. As leccións do mestre. Escolma de textos*, ambos os dous volumes editados polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
 - ▶ Número monográfico da revista *Raigame*, da Deputación de Ourense, en coedición co Museo do Pobo Galego.
 - ▶ O Consello da Cultura Galega edita unha edición facsimilar especial na que se recollerán, dentro da colección Día das Letras Galegas, unha selección de textos etnográficos de Antonio Fraguas.
 - ▶ A Editorial Galaxia:
 - *Cancioneiro de Cotobade*, de Antonio Fraguas. O libro inclúe un CD co cancionero musicado.
 - *Artigos sobre Cotobade*, de Antonio Fraguas
-

- *O tempo e os astros*, de Antonio Fraguas
 - *O santuario da Franqueira*, de Antonio Fraguas. Colaboración co Concello da Cañiza.
 - *Antonio Fraguas: mestre da memoria*, de Malores Villanueva. Biografía do autor homenaxeado nas Letras Galegas 2019.
 - *Romarías e santuarios*, de Antonio Fraguas
 - Creación da colección infantil “A vida de...”, que se abrirá cunha biografía novelada de Antonio Fraguas a cargo de Xosé A. Neira Cruz. *Canta miña pedra canta*, proxecto musical dirixido ao público infantil a cargo de Xoán Curiel, que se publicará na nosa colección Sonárbore.
- *Antonio Fraguas. As cousas de Antonio Insuela. Escolma de artigos xornalísticos*, de Teófilo Edicións.

ANTONIO FRAGUAS. O BO MESTRE, O MESTRE BO

É o título que dá ao prelo Héctor Cajaraville, da man de Edicións Xerais de Galicia, no marco da colección Merlín, arredor dun dos grandes persoeiros do século XX. Ao longo do mes das Letras Galegas, presentarase en centros de ensino primario para dar a coñecer entre o alumnado a figura deste mestre que nunca abandonou a vocación de compartir cos demais o moito que sabía.



Mes de maio de 2019

11

ACTOS CONMEMORATIVOS

Acto institucional no Museo do Pobo Galego coas institucións culturais de Galicia.



16 de maio



Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela)

Acto público e ofrenda floral. O Día das Letras Galegas conmemórase na Estrada coa lectura dun artigo redactado por unha persoa relacionada co homenaxeado cada ano. O acto desenvólvese diante do monólito dedicado a Marcial Valladares.



17 de maio



Na Alameda da vila

12

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS NA TVG E A RG

Os medios públicos galegos desenvolverán unha programación especial ao redor do Día das Letras 2019 durante o mes de maio.

TELEVISIÓN DE GALICIA

CORTINAS E PEZAS DE CONTINUIDADE

Emitiranse cortinas de duración ata 10 segundos e pezas curtas a cargo de presentadores e presentadoras, actores e actrices, persoas coñecidas e anónimas que contan a súa vivencia co galego para a súa emisión na continuidade.



TELEVISIÓN DE GALICIA

ZIGZAG ESPECIAL “ANTONIO FRAGUAS”

O programa de cultura da TVG implicase na celebración cun especial gravado no Museo do Pobo Galego e que se emitirá na primeira canle. Neste espazo daremos conta da biografía persoal e da traxectoria literaria do homenaxeado.

CINE GALEGO: ESTREA DA PELÍCULA “SICIXIA”

Tras o seu paso polos cines, estrearse a longametraxe *Sicixa*. A fita, rodada en galego na Costa da Morte, retrata o patrimonio desa zona, xunto con historias emocionais ao redor dela, nas que se mestura ficción e realidade. Está dirixida por Ignacio Vilar e protagonizada por Monty Castiñeiras e Marta Lado.

PROGRAMA “VIVIR AQUÍ” SOBRE A PEGADA DE FRAGUAS

O programa de reportaxes *Vivir Aquí* emitirá un especial o sábado 18 sobre a pegada que Antón Fraguas deixou na vida dos galegos... Vivimos en rúas que levan o seu nome, estudamos en colexios e institutos que tamén o levan... farase un percorrido polos lugares galegos onde está presente a súa figura.

PROGRAMA ESPECIAL “GALEGOFALANTE VIP”

Emisión dun programa especial dedicado a galegas e galegos triunfadores nos seus ámbitos que teñen o galego como lingua materna e que poden achegar historias que merecen ser contadas.

E de xeito transversal, os informativos e programas en directo da TVG como *Luar*, tamén farán un oco para falar do Día das Letras Galegas, da lingua e de Antonio Fraguas.



CICLO DE PROGRAMACIÓN

Neste ciclo, durante cinco noites emitiranse películas baseadas en obras literarias galegas, documentais sobre figuras relevantes das nosas letras e o programa divulgativo sobre a lingua e que leva por título *Cazadores de palabras*.

RADIO GALEGA

Posta en marcha do Mes das Letras, que afondará desde mediados de abril na figura e na obra de Antón Fraguas e no seu labor de investigación etnográfica e divulgación da cultura popular galega.

- ▶ Cápsulas dun minuto espalladas por toda a grella de programación da radio, con fragmentos da obra de Fraguas e audios coa voz do homenaxeado procedentes do arquivo da Radio Galega.
- ▶ Cápsulas dun minuto con lembranzas de Antón Fraguas por parte de figuras destacadas da cultura galega.
- ▶ Entrevistas en profundidade a persoas vinculadas persoal ou profesionalmente a Antón Fraguas.

E, o 17 de maio, os programas *Galicia por Diante* e *Diario Cultural* sairán dos estudos para facer a edición da mañá desde Cotobade, vila natal de Antón Fraguas, onde a Real Academia Galega celebrará os seus actos conmemorativos.

A edición da tarde do *Diario Cultural* duplicará o seu tempo habitual e emitirase desde o Museo do Pobo Galego.

CANLES DIXITAIS

A web crtvg.gal e as súas canles especializadas [#cultura365](https://twitter.com/cultura365) e [diariocultural.gal](https://twitter.com/diariocultural) reunirán a información obtida, que inclúe os *podcasts* radiofónicos, coa voz de Antón Fraguas xerados para a ocasión. O material concíbese como unha ferramenta para poñer á disposición dos usuarios e usuarias e está pensado para o uso educativo destas pezas e para programas de radio e televisión.

Xunta de Galicia
Real Academia Galega
Museo do Pobo Galego
Consello da Cultura Galega
Fundación Antonio Fraguas Fraguas
Corporación Radio Televisión de Galicia
Editorial Galaxia
Edicións Xerais
Concello de Cerdedo-Cotobade
Concello de Santiago de Compostela

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Gabinete de comunicación

Consellería de Cultura e Turismo
prensa.cultura.turismo@xunta.gal. | Tfno.: 981 545 206 | 981 544 490

17 DE MAIO
DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS



LETRAS GALEGAS 2019

